

Concello de Monterroso

BASES ESPECÍFICAS POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A SELECCIÓN PARA CUBRIR UN EMPREGO: ARQUITECTO FUNCIONARIO INTERINO (ART. 10.1.c/ EBEP), A TRAVÉS DO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, PARA PRESTAR SERVIZOS NO CONCELLO DE MONTERROSO (PROGRAMA: FOMENTO DO EMPREGO 2021 - PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2021).

1. OBXECTO.

Constitúe o obxecto das presentes bases específicas polas que se establecen as normas para a selección de persoal para prestar servizos no concello de Monterroso, mediante sistema de concurso do posto de “ARQUITECTO” a xornada do 75% ao abeiro do Programa de Fomento do Emprego 2021 de conformidade co Plan Provincial Único de Cooperación e os Concellos 2021.

2. DENOMINACIÓN DO EMPREGO E CARACTERÍSTICAS:

- DENOMINACIÓN: Arquitecto

- GRUPO/SUBGRUPO PROFESIONAL: AI
- RÉXIME XURÍDICO: FUNCIONARIAL (FUNCIONARIO INTERINO DO ARTIGO 10.1.c/ “execución de programas de carácter temporal” do RDL 5/2015, do 30 de outubro, Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Publico).
- DURACIÓN DO VÍNCULO DE SERVIZO: 12 MESES dende a formalización do contrato, co límite temporal da súa finalización o 30/09/2022.
- TEMPO XORNADA: A TEMPO PARCIAL CUN 75 % DA XORNADA SENDO O TOTAL DE HORAS 30 SEMANALES. A presenza mínima será de catro días á semana nas dependencias municipais.
- COMETIDO FUNCIONAL: Consistirá na realización das funcións propias do posto, así como calquera outra competencia relativa a súa titulación.

3. RETRIBUCIÓN: 1.460,35 € brutos mensuais incluídas as pagas extras.

4. REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

- Ser español sen prexuízo do disposto no artigo 57 do TREBEP.
- Ter cumprido 16 anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación.
- Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera

Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 Lugo. Tfno. 982377001. Fax: 982377617



Concello de Monterroso

das administracións ou de órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario no que fora separado ou inhabilitado.

- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das correspondentes funcións.
- Titulación Académica mínima necesaria para participar no proceso selectivo: Licenciatura en Arquitectura ou título de grao en arquitectura ou equivalente que habilite para o exercicio da profesión de arquitecto.
- Estar en situación de desemprego ou de mellora do emprego, que deberá acreditarse con documentación suficiente.
- Nivel de coñecemento do idioma galego esixido para realizar as funcións da praza/posto/emprego convocado: CELGA 4 ou se carece desta acreditación a persoa aspirante someterase obrigatoriamente á proba de coñecemento do idioma galego.

5. SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO.

1) EXPERIENCIA PROFESIONAL, ata un máximo de 20 puntos.

a.- Desempeño de posto de igual ou superior categoría na administración local e desenvolvemento de funcións en materia de urbanismo mediante calquera tipo de relación: (ata un máximo de 10 puntos).

- Por servizos prestados na Administración Pública Local mediante un contrato laboral ou relación funcionarial: 0,12 puntos por mes ou cada fracción de mes superior a 15 días, a xornada completa ou parcial.
- En caso de contrato de prestación de servizos profesionais: 0,10 puntos por mes ou cada fracción de mes superior a 15 días.

b.- Servizos prestados con categoría de arquitecto en outras administracións desenvolvendo funcións en materia de urbanismo: (ata un máximo de 05 puntos).

- En caso de contratos como persoal funcionario ou laboral, 0,08 puntos por mes ou cada fracción de mes superior a 15 días, a xornada completa ou parcial cun máximo de 05 puntos.

c.- Servizos prestados na empresa privada, en posto de Arquitecto superior: 0,10 puntos por cada mes completo traballado (ata un

Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 Lugo. Tfno. 982377001. Fax: 982377617



Concello de Monterroso

máximo de 05 puntos).

Sólo serán consideradas Administraciones públicas as definidas no artigo 2 da lei 39/2015.

A experiencia xustificárase coa certificación oficial ou copia do contrato, ou nomeamento ou certificación expedida polo órgano competente da administración da que procede, alta de autónomos na Seguridade Social ou mutualidade que a substitua, e ademáis, certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social,.

2) FORMACIÓN. 80 puntos

- Curso superior técnico de urbanismo ou similares con mínimo 350 horas: 10 puntos
- Cursos de mínimo 200 horas relacionados coa materia obxecto do posto de traballo : Máximo 20 puntos (cada curso 10 puntos).
- Cursos de mínimo 100 horas relacionados coa materia obxecto do posto de traballo (non incluídos nos apartados anteriores). Máximo 10 puntos (cada curso 5 puntos).
- Cursos de mínimo 50 horas relacionados coa materia obxecto do posto de traballo. Máximo 30 puntos (cada curso 5 puntos).
- Curso de menos de máis de 10 horas e menos de 50 relacionadas coa materia obxecto do posto de trabado. Máximo 10 puntos (cada curso 1 punto).

3) ENTREVISTA. 10 puntos.

En caso de que o Tribunal o considere, os aspirantes poderán ser convocados a unha entrevista. O seu obxecto será curricular, relacionada coas funcións do posto.

6. PROBA DE GALEGO.

O artigo 51.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia establece que: “[...], para darlle cumprimento á normalización do idioma galego ñas Administraciones Públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego ñas relacións coas Administraciones Públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción

Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 Lugo. Tfno. 982377001. Fax: 982377617



Cod. Validación: 5DREQERWKRQJH6W5LX9CQF3DT | Corrección: <https://monterroso.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 5

Concello de Monterroso

do uso normal do Galego por parte dos poderes públicos de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das Administracións Públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei incluírase un exame de galego, agás para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega consonte a normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e, se é o caso, a valoración do coñecemento da lingua galega.”.

Aquelas persoas aspirantes que non acrediten o nivel de galego CELGA 4 deberán realizar esta proba que poderá consistir, alternativamente, na tradución dun texto en castelán para o galego ou en galego para o castelán. Esta proba é obrigatoria e non eliminatoria e cualificarase con apto ou non apto.

7. REQUISITO PREVIO Á CONTRATACIÓN.

Conforme ao artigo 7.1 das Bases Reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación e os concellos 2021, é imprescindible que as persoas a contratar a través deste programa produzan novas contratacións no concello, polo que a situación ou procedencia dos candidatos debe provir de situación de desemprego ou de mellora de emprego con independencia de que a xornada laboral sexa parcial ou completa, quedando excluídos os custes de persoal referidos a traballadores incluídos no cadro de persoal vixente do concello.

8. PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

As instancias, xunto co resto de documentación mínima que os aspirantes deben presentar solicitando participar no proceso selectivo poderán presentarse no Anexo I dirixido á Alcaldesa do Concello de Monterroso no prazo de 3 días hábiles contados a partir do día seguinte da publicación no Boletín oficial da provincia. Poderán presentarse no rexistro do Concello en horario de 9 a 14 horas de luns a venres ou remitirse por calquer vía establecida no artigo 16.4 da Lei 39/2015.

Xunto coa instancia deberá presentarse tamén:





Concello de Monterroso

- Fotocopia do DNI
- Fotocopia do título de arquitecto ou equivalente.
- Celga 4 ou similar
- A documentación que o aspirante desexe que sexa baremada aos efectos do concurso.

9. ADMISI ÓN DE ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcadesa, mediante resolución aprobará unha lista provisional de admitidos e excluídos. Dita resolución será definitiva de non haber excluídos, e será exposta no taboleiro de edictos do Concello, na sede electrónica e na web do Concello, relacionándose os aspirantes excluídos coa indicación da causa de exclusión.

Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de dous días hábiles para reclamacións e corrección das deficiencias sinaladas. Estas reclamacións e correccións serán aceptadas ou rexeitadas na resolución que aprobe a lista definitiva, que se publicará na mesma forma e determinará o lugar, data e hora da constitución do Tribunal e de baremación de méritos, así como a composición do Tribunal de selección.

10. TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal cualificador será designado por Resolución de Presidencia no momento de aprobación das listas definitivas de admitidos/as e excluídos/as.

Todos/as os/as membros deberán pertencer a un corpo ou escala para ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á esixida para participar na bolsa. (Artículo 59 Ley 2/2015, de 29 de abril, del empleo público de Galicia).

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, polo menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o/a presidente/a e o/a secretario/a ou persoas en quen deleguen.

De tódalas reunións que faga o tribunal o/a secretario/a redactará acta. Os membros do tribunal absteranse de intervir e o comunicarán á autoridade convocante cando concorran algunhas das circunstancias prevista no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran aquel as circunstancias.

